



---

DITAME SOBRE O PROXECTO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DE BACHARELATO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 28 de abril de 2008, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. O Consello Escolar de Galicia propón que se suprima a numeración “1.-“ do *artigo 2º.- Principios e finalidade*, por non existir outra. (páxina 2, liña 9)
2. Para o *artigo 3º.- Obxectivos*, propónse a inclusión dun novo obxectivo co seguinte texto: “ñ) *Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado*”. (páxina 3, liña 4)
3. No punto 8 do *artigo 5º.- Estrutura*, a continuación da expresión: “Os centros que impartan bacharelato ofrecerán”; propónse a inclusión da palabra: “*alomenos*”. (páxina 4, liña 4)
4. Para facilitarlles aos centros o coñecemento e tratamento dos documentos oficiais de avaliación, o Consello Escolar de Galicia propón que se lle engada ao punto 8 do *artigo 13º.- Avaliación*, o texto dos apartados 2, 4, 5, 7 e 8 da disposición adicional primeira do Real Decreto 1467/2007, de 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas. (páxina 8, liña 44)
5. No último parágrafo da disposición adicional primeira, despois da palabra: “Universidade”; propónse a adición do seguinte texto: “, *ciclos superiores de formación profesional e outros estudos*, ”. O resto continua igual. (páxina 10, liña 34)
6. Tamén propón a inclusión dunha nova disposición adicional, co seguinte texto:  
*“Disposición adicional quinta. Modificación do Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros*  
*Modifícase o artigo 30º do Decreto 88/1999, do 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros, quedando redactado da seguinte forma:*



***Cambios de réxime de ensinanza.***

***a) O alumnado procedente do bacharelato ordinario poderá incorporarse ao bacharelato para persoas adultas en calquera das súas modalidades, presencial ou a distancia. Igualmente, poderá incorporarse ao bacharelato ordinario procedente do bacharelato para persoas adultas. O cambio de réxime de ensinanzas realizarase nos prazos e condicións que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.***

***b) O alumnado que se incorpore ao bacharelato para persoas adultas con materias superadas do bacharelato ordinario conservará a cualificación positiva destas no réxime de persoas adultas.***

***c) O alumnado que se incorpore ao bacharelato ordinario procedente do bacharelato para persoas adultas conservará tamén as cualificacións das materias cursadas e superadas neste.***

***d) O alumnado poderá matricularse nas ensinanzas para persoas adultas por ámbito, curso ou bloque completos, ou por módulos ou materias illadas, de acordo coa regulación que estableza a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.”***  
(páxina 11, liña 14)

7. O Consello Escolar de Galicia, consciente de que os novos bacharelatos teñen que implantarse para o vindeiro curso escolar 2008-2009, recoméndalle á Administración educativa que defina a distribución das materias por departamentos didácticos e informe aos centros educativos o máis axiña posible.
8. Así mesmo, e tendo en conta que o profesorado vai encontrarse cun novo currículo e novas materias, recoméndalle á Administración educativa que contemple medidas de apoio ao profesorado, especialmente na formación permanente e na investigación e innovación nesta etapa educativa, para contribuír ao mellor desenvolvemento e aplicación deste Decreto.
9. O Consello Escolar de Galicia insta á Administración educativa e a todas as organizacións, institucións e axentes educativos a que o emprego no sector educativo non se vexa prexudicado polas modificacións que comporta a nova normativa curricular.
10. O Consello Escolar de Galicia acordou trasladarlle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a súa preocupación pola elaboración duns currículos demasiado extensos, que ás veces son totalmente inalcanzables e que imposibilitan outras iniciativas necesarias como a interrelación de contidos ou profundar en aspectos que teñen máis relevancia para a adquisición das competencias educativas.
11. O Consello Escolar de Galicia insta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a que a aplicación da nova ordenación do bacharelato comporte unha maior oferta do bacharelato de Artes, estendéndoa a máis centros e localidades que na actualidade.



12. O Consello Escolar de Galicia propón que a comisión técnica encargada de redactar o Proxecto de decreto revise unha vez máis o texto para corrixir os seus erros de redacción.
  
13. Por último, a Comisión Permanente estimou procedente pola súa complexidade técnica non facer emendas aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que corresponden a cada unha das materias que conforman o bacharelato, e que se recollen no anexo I do referido Proxecto de decreto. Neste sentido, acordou remitirle as emendas recibidas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o seu estudo por parte do equipo técnico redactor.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.  
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo